

NUM-CONSULTA: V0001-23

ÓRGANO: SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

DATA DE SAÍDA: 05.04.2023

NORMATIVA:

Artigo 14. Sete do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG).

DESCRIPCIÓN-FEITOS:

A consultante está a levar a cabo a inmatriculación dun predio non inscrito. Para iso realizou a correspondente acta de notoriedade, autoliquidando o imposto pola modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, ao tipo xeral do 9%. Dita predio consta dunha vivenda e sitúase nunha das parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

CUESTIÓN FORMULADA:

Posibilidade de aplicar ao feito imponible derivado da acta de notoriedade, o tipo de gravame aplicable na adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais, regulado no artigo 14. Sete do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (TRTCG), e a posible devolución por ter autoliquidado ao tipo xeral.

CONTESTACIÓN COMPLETA:

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, indícolle que a súa consulta está relacionada coas seguintes disposicións legais:

1. Artigo 7.2 C) do Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro (en diante TRLITPAXD):

"2. Consideraranse transmisións patrimoniais a efectos de liquidación e pago do imposto:

(...)

C) Os expedientes de dominio, as actas de notoriedade, as actas complementarias de documentos públicos a que refírese o Título VI da Lei Hipotecaria e as certificacións expedidas para os efectos do artigo 206 da mesma Lei, a menos que se acredite ter satisfeito o imposto ou a exención ou non suxeición pola transmisión, cuxo título se supla con eles e polos mesmos bens que sexan obxecto duns ou outras, agás en canto á prescrición cuxo prazo se computará desde a data do expediente, acta ou certificación."

2. Artigo 14. Sete do TRTCG:

"Sete. Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles de uso vivenda que se encontren nalgunha das parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais ás que se refire o número sete do artigo 16 será do 6%. Se ademais se trata da vivenda habitual do contribuínte e se cumpren os requisitos establecidos no número Dous do presente artigo, o tipo de gravame será do 5%."

3. Artigo 49 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e modifícanse determinadas normas tributarias;

"1. No Imposto sobre Transmisi3ns Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias normativas sobre:

a) *Tipos de gravame: En relación coa modalidade «Transmisións Patrimoniais Onerosas», as Comunidades Autónomas poderán regular o tipo de gravame en:*

Concesións administrativas.

Transmisión de bens mobles e inmoables.

Constitución e cesión de dereitos reais que recaian sobre mobles e inmoables, agás os dereitos reais de garantía.

Arrendamento de bens mobles e inmoables. Os modelos de contrato para o arrendamento de inmoables poderán ser elaborados pola propia Comunidade Autónoma.

En relación coa modalidade «Actos Xurídicos Documentados», as Comunidades Autónomas poderán regular o tipo de gravame dos documentos notariais.

b) *Deducións e bonificacións da cota: As deducións e bonificacións aprobadas polas Comunidades Autónomas só poderán afectar aos actos e documentos sobre os que as Comunidades Autónomas poden exercer capacidade normativa en materia de tipos de gravame conforme ao disposto na letra anterior.*

En todo caso, resultarán compatibles coas deducións e bonificacións establecidas na normativa estatal reguladora do imposto sen que poidan supoñer unha modificación das mesmas. Estas deducións e bonificacións autonómicas aplicaranse con posterioridade ás reguladas pola normativa do Estado.

2. As Comunidades Autónomas tamén poderán regular os aspectos de xestión e liquidación.”

Con base nas disposicións citadas, e acerca da consulta formulada infórmolle que:

Partindo de que a acta de notoriedade ten a consideración de transmisión patrimonial a efectos de liquidación e pago do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, é

preciso analizar se lle é aplicable o tipo de gravame reducido para adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

O TRTCG cando regula este tipo de gravame refírese á adquisición de vivenda e transmisión de vivenda, e aínda que é certo que o TRLITPAXD asimila os expedientes de dominio e actas de notoriedade a transmisións, non estamos ante un suposto que supoña unha adquisición. A adquisición, tal e como se define na Real Academia Española, é a acción de adquirir, o cal se define como facer propio un dereito ou cousa que a ninguén pertence ou que se transmite a título lucrativo ou oneroso, ou por prescripción. O expediente de dominio ou a acta de notoriedade son instrumentos para a inmatriculación de predios que non estean inscritos no Rexistro da Propiedade a favor dunha persoa determinada, para o que se esixe, entre outros documentos, o título de propiedade do predio que se pretende inmatricular. É dicir, con este instrumento non se está adquirindo o predio, simplemente estase salvando a ausencia do título válido para a inscrición no Rexistro da Propiedade, pero o dereito de propiedade xa existía.

Doutra banda, a exposición de motivos da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que introduciu este novo tipo reducido, establece que ten como obxectivo fomentar a adquisición de vivenda en zonas pouco poboadas ou áreas rurais e de promover o asentamento con carácter permanente, cos consecuentes beneficios que iso supón para a contorna, non dándose esta circunstancia nos expedientes de dominio ou actas de notoriedade.

Por tanto, neste caso non resulta de aplicación o tipo de gravame aplicable na adquisición de vivendas nas parroquias que teñan a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais.

O que lle comunico a Vde. con efectos vinculantes, conforme o disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.